

PROGRAMACIÓN CIENCIAS

SOCIAIS 5º

CURSO 2020 – 2021

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Perfil competencial.
3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais.
4. Concreción de obxectivos por curso.
5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada, temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e Procedementos e instrumentos de avaliación.
6. Concrecións metodolóxicas da materia.
7. Materiais e recursos didácticos.
8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
10. Medidas de atención á diversidade.
11. Actividades complementarias e extraescolares.
12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellor.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A seguinte programación didáctica está deseñada para levar a cabo na área de Ciencias Sociais no 5º curso de Educación Primaria e que se desenvolverá no CEIP de Cedeira durante o presente curso 2021-2022. Para isto tomarase como referencia a Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa e de maneira máis concreta o Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Centro. O Centro de Educación Infantil e Primaria, encóntrase en Cedeira - Redondela. Pertence á rede de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. O CEIP de Cedeira ten na actualidade 3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria. Este curso académico entrou a formar parte da rede de centros plurilingües.

O número de profesores/as é de 16, dos cales 3 son docentes itinerantes que tamén desenvolven nel o seu labor. Conta cun edificio onde, na planta baixa están as aulas de Infantil e na primeira planta as de Educación Primaria. No exterior do edificio existe unha pista cuberta de fútbol sala e cunha cancha descuberta de baloncesto. A aula de Música e Psicomotricidade e o Comedor atópanse nun bloque anexo construído recentemente. Hai un pequeno patio cuberto na parte traseira, e unha zona verde á entrada do colexio que utiliza o alumnado de Educación Infantil para xogar nos seus períodos de lecer.

Á parte das aulas dos diferentes grupos, existen outros espazos destinados a informática, biblioteca, aula de apoio, aula de audición e linguaxe, orientación, etc. A localidade, Cedeira é unha parroquia do concello de Redondela (Pontevedra) que se atopa ao oeste da capital municipal, lindando con esta. Está a menos de 2 quilómetros da mesma. Conta con máis de 2000 habitantes.

O alumnado. O alumnado que asiste ao Colexio repártese en 9 unidades: 6 de Primaria e 3 de Infantil.

ETAPA	NIVEL	ALUMNADO
INFANTIL	3 ANOS	3
	4 ANOS	14
	5 ANOS	14
PRIMARIA	PRIMEIRO	15
	SEGUNDO	13
	TERCEIRO	13
	CUARTO	18
	QUINTO	12
	SEXTO	15
TOTAL		117

O profesorado. O cadro de persoal do Centro está formado por 16 mestras e mestres que atenden a 117alumnos/as dende 1º a 6º de Primaria e as tres aulas de Infantil.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFIL COMPETENCIAL.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 5 as competencias clave que se deberán desenvolver ao longo do curso. Estas competencias clave veñen desenvoltas na Orde EDC/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato. A continuación irei citando as competencias na orde de importancia que esta programación lle outorga a esta área, establecendo así o perfil competencial.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: A área contribúe de forma substancial á competencia básica en ciencia e tecnoloxía, xa que moitas das aprendizaxes que integra están totalmente centradas na interacción do ser humano co mundo que o rodea. A competencia vaise construíndo a través da apropiación de conceptos e habilidades que permiten interpretar o mundo físico próximo, así como do achegamento a determinados trazos do método co que se constrúe o coñecemento científico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pe-

quenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.

A área, por outra parte, axúdalle ao alumnado a construír un coñecemento da realidade que, partindo das súas propias vivencias, percepcións e representacións, sexa progresivamente máis obxectivo e compartido, ademais de proporcionarlle os instrumentos necesarios para comprender, explicar e actuar nesa realidade.

A área ofrece a posibilidade de utilizar as ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, tales como: lectura de mapas; comprensión e realización de escalas; lectura, representación, interpretación e comunicación de gráficas; emprego de unidades de medida, etc., contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática.

Comunicación lingüística:A área contribúe de forma substancial a esta competencia porque a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das súas aprendizaxes. A información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes, e require, polo tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico ou observar un fenómeno, esixe procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación, que son obxecto, prioritario de aprendizaxe na área. O alumnado deberá diferenciar progresivamente entre a linguaxe que fai posible a comunicación entre as persoas e a que utiliza a ciencia para explicar os feitos e os fenómenos. Empregarase tanto a linguaxe oral como a escrita, a gráfica ou a simbólica. É importante o vocabulario específico utilizado na área. Ademais da contribución da área ao aumento significativo da riqueza do vocabulario específico, na medida que nos intercambios comunicativos se valore a claridade, a exposición, o rigor no emprego dos termos, a estruturación do discurso, a sintaxe, etc. estarase desenvolvendo esta competencia.

Competencia dixital:A área inclúe explicitamente os contidos que conducen á alfabetización dixital, coñecemento cuxa aplicación contribuirá ao desenvolvemento da competencia dixital. A utilización básica do ordenador, o manexo dun procesador de textos e a busca guiada na internet, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento desta competencia. As TIC constitúen un acceso rápido e sinxelo á información sobre o medio; son ademais unha ferramenta atractiva, motivadora e facilitadora das aprendizaxes xa que permite aproximar seres vivos, reaccións químicas ou fenómenos físicos á súa experiencia. Este curso escolar introdúcese nesta clase o programa E-DIXGAL polo que esta competencia desenvolverase de maneira compartida cos contidos propios da área.

Conciencia e expresións culturais: Esta competencia, con respecto á área de Ciencias Sociais, require os coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións da herdanza cultural nos ámbitos históricos e ambientais.

Competencias sociais e cívicas: Desde a área de Ciencias Sociais contribuiremos a esta competencia na medida na que os alumnos e as alumnas desenvolverán as súas habilidades de relación social e respecto nos traballos cooperativos e grupais, así como no uso de novas metodoloxías, como o traballo por proxectos, que requirirán dunha maior autonomía e capacidade de reacción do alumnado, de modo que se potencien estas habilidades. Ademais nesta materia traballaranse contidos políticos, centrándonos nos valores democráticos, coñecerán as diferentes institucións públicas que garantirán que os dereitos dos cidadáns se respecten.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: A área de Ciencias Sociais inclúe contidos directamente relacionados co desenvolvemento do sentido de iniciativa persoal, ao ensinar a tomar decisións desde o coñecemento dun mesmo, tanto no ámbito escolar coma na planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer. A planificación e a xestión de proxectos de traballo, ben de forma individual ou en equipo, contribúen ao desenvolvemento desta competencia, xa que implican transformar as ideas en accións, afrontar os problemas e aprender dos erros, calcular e asumir riscos, elixir con criterio propio, ser perseverante e responsable, ser creativo e emprendedor, manter a motivación, ser crítico e conservar a autoestima, e tamén obriga a dispoñer de habilidades sociais de relación e liderado de proxectos. Nesta área as tarefas, as actividades e o traballo por proxectos farán que o alumnado adquira todas estas destrezas.

Aprender a aprender: Para que esta área contribúa ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, deberá orientarse de maneira que se favoreza o desenvolvemento de técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información, tales como resumos, esquemas ou mapas mentais, que resultan especialmente útiles, nos procesos de aprendizaxe desta área. Por outra banda, a reflexión sobre que se aprendeu, como e o esforzo por contalo, oralmente e por escrito, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

3. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE

FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

CURSO: QUINTO	COMPETENCIAS CLASE						
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSEE	CCE C
CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito	X	X	X	X			
CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.				X		X	
CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	X			X			
CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material				X	X		
CSB1.2.2.Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático				X	X		
CSB1.3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais	X	X		X	X		
CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.	X	X		X	X		
CSB1.3.3.Analiza informacións relacionadas coa	X	X	X	X	X		

área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.							
CSB2.1.1.Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.	X	X					
CSB2.3.1 Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios	X	X		X			
CSB2.3.2.Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.	X	X		X			
CSB2.3.3.Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares.	X	X					
CSB2.4.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.		X		X			
CSB2.5.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.	X	X					
CSB2.6.1.Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.	X	X					
CSB2.6.2 Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence.	X	X		X			
CSB2.7.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade.	X			X	X		
CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais		X					

unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.							
CSB2.8.2.Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.		X					
CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	X				X		
CSB2.9.2.Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable				X	X		
CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español.	X				X		
CSB3.2.1.Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.	X				X		
CSB3.2.2.Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.	X				X		
CSB3.3.1.Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.	X				X		
CSB3.4.1.Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	X				X		
CSB3.5.1.Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación	X	X			X		
CSB3 5.2.Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación		X		X			
CSB3.6.1.Describe os principais rasgos da poboación española.	X				X		

CSB3.6.2.Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.	X				X		
CSB3.6.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española.	X				X		
CSB3.6.4 Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas					X		
CSB3.7.1 Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país	X				X		
CSB3.7.2.Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc.	X				X		
CSB3.8.1.Identifica e define materias primas e produto elaborado e os asocia coas actividades nas que se obteñen.	X				X		
CSB3 8.2 Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen.	X	X			X		
CSB3.9.1.Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen		X			X		
CSB3.9.2.Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e as súas localizacións nos territorios correspondentes.	X				X		
CSB4.1.1Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais	X	X			X		X
CSB4.2.1.Coñecealgunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea		X		X	X		X
CSB4.3.1.Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as rela-		X		X	X		X

cións entre os acontecementos.							
CSB4.4.1.Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España		X			X		X
CSB4.4.2.Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España, describindo as principais características de cada unha delas.	X						X
CSB4.4.3.Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.				X	X		X
CSB4.4.4. Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da Idade Media e da Idade Moderna en España citando aos seus representantes máis significativos.		X			X		X
CSB4.4.5.Identifica as características distintivas das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media describindo a evolución política e os distintos modelos sociais.	X				X		X
CSB4.4.6.Explica as características da Idade Moderna e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (Monarquía dos Austrias, s. XVI-XVII. Os Borbóns, s. XVIII).	X				X		X
CSB4.5.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.					X		X
CSB4.6.1.Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.					X		X

4. CONCRECIÓN DOS OXECTIVOS POR CURSO.

Dende a área de Ciencias Naturais preténdese que o alumnado de este curso adquiera os seguintes obxectivos de etapa establecidos no Decreto 105/2014, do 4 de

setembro, polo que se establece o currículo básico de Educación Primaria na Comunidade autónoma de Galicia.

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

5. CONCRECIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

Crit. Eval.	Estándar Aprend.	%Peso Cualif.	Temporalización			Grado mínimo de consecución para superar la materia. Indicador mínimo de logro	Procedemento/ Instrumento
			1ºT	2ºT	3ºT		
B1.1	CSB1.1.1	4%	X	X	X	Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	Traballo persoal/ Escala de observación
B1.1	CSB1.1.2	5%	X	X	X	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	Actitude cara a materia/Lista de control
B1.1	CSB1.1.3	5%	X	X	X	Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	Actitude cara a materia/Lista de control
B1.2	CSB1.2.1	5%	X	X	X	Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do materia.	Actitude cara a materia/Lista de control
B1.2	CSB1.2.2	5%	X	X	X	Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	Actitude cara a materia/Lista de control
B1.3	CSB1.3.1.	4%	X	X	X	Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser	Traballo persoal/Escala de observación

						capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais	
B1.3	CSB1.3.2.	4%	X	X	X	Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico	Traballo persoal/Escala de observación
B1.3	CSB1.3.3.	4%	X	X	X	Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación	Traballo persoal/Escala de observación
B2.1	CSB2.1.1	1,46%	X			Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica a maioría dos seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.	Probas orais ou escritas
B2.2	CSB2.2.1	1,46%	X			Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas.	Probas orais ou escritas
B2.3	CSB2.3.1.	1,46%	X			Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinando e calcula os fusos horarios.	Probas orais ou escritas
B2.3	CSB2.3.2	1,46%	X			Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo	Probas orais ou escritas
B2.3	CSB2.3.3.	1,46%	X			Identifica e nomea as fases lunares	Probas orais ou escritas
B2.4	CSB2.4.1	1,46%		X		Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	Probas orais ou escritas
B2.5	CSB2.5.1.	1,46%		X		Define clima, nomea os seus elementos e identifica algúns dos factores que determinan en España	Probas orais ou escritas

B2.6	CSB2.6.1	1,46%		X	Explica que é unha zona climática, nomeando polo menos dúas das tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.	Probas orais ou escritas
B2.6	CSB2.6.2	1,46%		X	Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence.	Probas orais ou escritas
B2.7	CSB2.7.1	1,46%		X	Define paisaxe, identifica os seus principais elementos e explica algunhas das características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade	Probas orais ou escritas
B2.8	CSB2.8.1	1,46%		X	Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.	Probas orais ou escritas
B2.8	CSB2.8.2.	1,46%		X	Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España	Probas orais ou escritas
B2.9	CSB2.9.1	1,46%		X	Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste	Probas orais ou escritas
B2.9	CSB2.9.2	1,46%		X	Sabe o que é o desenvolvemento sostible e o consumo responsable	Probas orais ou escritas
B3.1	CSB3.1.1.	1,46%		X	Identifica os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español.	Probas orais ou escritas
B3.2	CSB3.2.1.	1,46%		X	Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.	Probas orais ou escritas
B3.2	CSB3.2.2	1,46%		X	Identifica e comprende a división de poderes do Estado	Probas orais ou escritas

B3.3	CSB3.3.1	1,46%		X	Explica a organización territorial de España, localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.	Probas orais ou escritas
B3.4	CSB3.4.1.	1,46%		X	Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural	Probas orais ou escritas
B3.5	CSB3.5.1	1,46%		X	Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación.	Probas orais ou escritas
B3.5	CSB3 5.2	1,46%		X	Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	Probas orais ou escritas
B3.6	CSB3.6.1	1,46%		X	Describe os principais rasgos da poboación española	Probas orais ou escritas
B3.6	CSB3.6.2	1,46%		X	Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade	Probas orais ou escritas
B3.6	CSB3.6.3	1,46%		X	Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española	Probas orais ou escritas
B3.6	CSB3.6.4	1,46%		X	Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas.	Probas orais ou escritas
B3.7	CSB3.7.1	1,46%		X	Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país	Probas orais ou escritas
B3.7	CSB3.7.2	1,46%		X	Identifica os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc.	Probas orais ou escritas
B3.8	CSB3.8.1.	1,46%		X	Identifica materias primas e produto elaborado e os asocia coas	Probas orais ou escritas

					actividades nas que se obteñen.	
B3.8	CSB3.8.2	1,46%		X	Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen	Probas orais ou escritas
B3.9	CSB3.9.1.	1,46%		X	Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	Probas orais ou escritas
B3.9	CSB3.9.2	1,46%		X	Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e as súas localizacións nos territorios correspondentes.	Probas orais ou escritas
B4.1	CSB4.1.1	1,46%		X	Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais.	Probas orais ou escritas
B4.2	CSB4.2.1.	1,46%		X	Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea.	Probas orais ou escritas
B4.3	CSB4.3.1	1,46%		X	Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos	Probas orais ou escritas
B4.4	CSB4.4.1	1,46%		X	Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España.	Probas orais ou escritas
B4.4	CSB4.4.2.	1,46%		X	Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España, describindo as principais características de cada unha delas.	Probas orais ou escritas
B4.4	CSB4.4.3.	1,46%		X	Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas	Probas orais ou escritas

B4.4	CSB4.4.4.	1,46%			X	Identifica os principais movementos artísticos e culturais da Idade Media e da Idade Moderna en España citando algún dos seus representantes máis significativos.	Probas orais ou escritas
B4.4	CSB4.4.5.	1,46%			X	Identifica as características distintivas das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media describindo a evolución política e os distintos modelos sociais.	Probas orais ou escritas
B4.4	CSB4.4.6.	1,46%			X	Explica as características da Idade Moderna e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (Monarquía dos Austrias, s. XVI-XVII. Os Borbóns, s. XVIII).	Probas orais ou escritas
B4.5	CSB4.5.1	1,46%			X	Identifica e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	Probas orais ou escritas
B4.6	CSB4.6.1	5%			X	Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	Actitude cara a materia/Lista de control

6. CONCRECIÓN METODOLÓGICA DA MATERIA

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento para os alumnos e as alumnas, que adquiren un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Ciencias Sociais: Na Educación Primaria cómpre proporcionar experiencias para que o alumnado aprenda a observar a realidade, a facerse preguntas e a reflexionar sobre os fenómenos sociais, conseguindo que sexan capaces de elaborar respostas ás interrogantes que formula o mundo social. A idea de globalidade debe guiarnos nesta etapa e, xa que logo, na área que nos ocupa, sabendo integrar os diferentes contidos arredor da investigación, dos traballos de campo, das saídas, das visitas, da observación directa... e o uso de Tecnoloxías da Información e da Comunicación, onde este ano imos comezar co proxecto de EDIXGAL, polo que o alumnado terá un contacto directo coa plataforma dixital. O auténtico sentido da área de Ciencias Sociais está en aprender, resolvendo problemas, planificando experiencias, elaborando pequenos proxectos e levándoos a cabo, extraendo e comunicando conclusións e entendendo que o traballo en equipo e a colaboración cos demais para acadar obxectivos comúns, é imprescindible para o avance da sociedade. Deste xeito, facilítase o establecemento de relacións entre os feitos e os conceptos a través da utilización de procedementos específicos. Neste contexto, o papel do docente consistirá en presentar situacións de aprendizaxe que fagan evolucionar as ideas e os esquemas previos dos alumnos e das alumnas. É preciso incluír metodoloxías didácticas, enfocadas á resolución de problemas, e situacións experimentais que permitan aplicar os coñecementos teóricos nunha ampla variedade de contextos. Se queremos aumentar o interese e a motivación cara ás ciencias cómpre conectar os contidos coa vida real. Os alumnos e as alumnas deben percibir os contidos científicos como relevantes para a súa vida, e o profesorado debe esforzarse por manifestar a conexión co contexto social, eliminando a percepción de conceptos abstractos e afastados dos intereses do alumnado.

As Tecnoloxías da Información e da Comunicación son xa case imprescindibles para calquera aprendizaxe e nesta área adquiren unha especial importancia polo tipo de información vinculada a ela. Constitúen un acceso rápido e sinxelo á información sobre o medio e son, ademais, ferramentas atractivas, motivadoras e facilitadoras das aprendizaxes, pois permiten aproximar seres vivos, reaccións químicas ou fenómenos físicos, á súa experien-

cia.

Debemos ter en conta que cada alumno e alumna parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno e alumna coñeza onde residen as súas fortalezas. Estas fortalezas individuais do alumnado axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que hai que realizar estarán pensadas desde a **Teoría das Intelixencias Múltiples**, como posibilidade para que o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Co **traballo** en grupo colaborador adestraranse as diferentes habilidades e destrezas para chegar á reflexión e ao discernimento do desenvolvemento dunha vida social activa, respectuosa e enriquecedora.

Os contidos da área están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**. Será importante traballar a parte competencial, de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

Este curso escolar 2021-2022, en caso dun posible confinamento, as clases de Ciencias Naturais realizaránse a través da plataforma E-DIXGAL. As actividades que se van propoñer serán as realizadas na clase.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Para cada tema os Recursos Didácticos dos que se dispón son os seguintes:

Material EDIXGAL

Recursos Didácticos

Actividades de Reforzo e Ampliación. As actividades de reforzo e outra de ampliación permiten consolidar os coñecementos dos contidos do tema e ampliar algúns aspectos importantes.

Actividades de Avaliación Final. Dez preguntas seguindo o modelo das avaliacións de diagnóstico para a Educación Primaria permiten avaliar o nivel de logro de cada un dos Estándares de Aprendizaxe acadado polos alumnos.

Recursos Organizativos

A organización dos recursos materiais e persoais son un elemento básico para facer posible o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe-ensino. Algunhas das decisións máis relevantes no uso dos recursos didácticos e organizativos serán:

Establecer os mecanismos de coordinación de responsabilidades educativas (os instrumentos, os espazos e tempos de dita coordinación). Estableceranse as responsabilidades da comisión de coordinación pedagóxica, dos departamentos didácticos e dos equipos docentes en todas as medidas de atención á diversidade.

Establecer os criterios para a organización e a selección dos materiais curriculares e outros recursos didácticos necesarios para a atención á diversidade.

En relación coa organización dos materiais curriculares para o alumnado deben terse en conta algúns criterios como: uso compartido por todos os alumnos, que non sexan discriminatorios, que sexan seguros e adaptados á idade dos alumnos, que non sexan prexudiciais para o medio ambiente...

En relación cos materiais curriculares para o profesorado: deben ser recursos útiles e prácticos para a elaboración e o desenvolvemento do proxecto curricular, e para a elaboración das programacións de aula. Debe terse en conta que estes materiais respecten a pluralidade de opcións didácticas que pode seguir o profesorado...

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Os aspectos normativos que fan referencia á avaliación en Galicia, quedan reflectidos na Orde 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e promoción do alumnado de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Dita orde no seu artigo 2 establece que a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o progreso no conxunto das áreas e a adquisición das competencias clave.

Utilizaranse os tipos de avaliación que o actual sistema educativo recomenda:

Avaliación inicial: ao inicio do proceso é necesario saber as posibilidades de cada alumno para adaptar os programas ás necesidades individuais e dos grupos. Esta

avaliación prolóngase durante as primeiras sesións co fin de non adoptar falsas expectativas e estereotipos.

Avaliación continua: permite detectar os acertos e erros e en consecuencia, orientar, manter e ou modificar plans. Realízase por medio dos datos recollidos a través dos diferentes instrumentos de avaliación. Estes datos proceden da observación sistemática por parte do profesor durante o desenvolvemento das sesións. As probas periódicas confeccionadas pola profesora ao final de cada unidade didáctica a nivel motora, cognitivo e de detección de erros. Autoavaliación, como factor básico de motivación, de cooperación profesor-alumno e coñecemento inmediato do seu propio proceso educativo.

Avaliación final e sumativa: para comprobar se se conseguiu o desenvolvemento de capacidades e as finalidades previstas, constatando como incidiu a intervención pedagóxica e como se realizou todo o proceso determinando aquilo que se podería mellorar no futuro.

Os referentes para valorar o grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

Os **criterios de avaliación** para o 5º curso son os seguintes:

B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.

B1.2. Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais

B1.3. Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.

B2.1. Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes.

B2.2. Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características.

B2.3 Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios.

B2.4.Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.

B2.5.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España.

B2.6.Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas

B2.7.Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España

B2.8.Describir as características do relevo de España e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.

B2.9.Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible

B3.1.Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta.

B3.2.Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización.

B3.3.Describir a organización territorial do Estado español así como os órganos de goberno.

B3.4.Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.

B3.5.Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación.

B3.6.Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.

B3.7.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación española.

B3.8.Explicar as diferenzas entre materias primas e os produtos elaborados, identificando as actividades que se realizan para obtelos.

B3.9.Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España.

B4.1. Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.

B4.2. Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia, diferenciando entre fontes primarias e secundarias.

B4.3. Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.

B4.4. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.

B4.5. Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar

B4.6. Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.

Para avaliar o proceso de aprendizaxe terase en conta o cumprimento dos obxectivos, competencias clave e os contidos do currículo escolar debidamente contextualizado, para iso utilizaremos os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeles.

Criterios de cualificación. Os criterios de cualificación veñen definidos pola asociación de estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e indicadores de logro. Deste xeito os estándares de aprendizaxe serán avaliados en relación ás seguintes porcentaxes:

- Os estándares que están relacionados con contidos conceptual serán valorados cun 60% da nota final.

- Aqueles que están relacionados con contidos de tipo procedimental serán valorados cun 20% da nota final.

- Finalmente aqueles que se relacionen con contidos de tipo actitudinal serán sopesados cun 20 % do total.

Polo tanto, a valoración de cada estándar terá a puntuación resultante de dividir 60,

20 e 20 (en función do tipo de estándar que se traballe) entre o número de estándares de iguais condicións. Por exemplo, de haber 10 estándares de tipo conceptual, cada un terá unha valoración máxima do 6% (resultado de dividir 60 entre 10). Se hai 10 estándares de tipo procedimental, cada un terá unha valoración máxima do 2% (resultado de dividir 20 entre 10).

Finalmente obteremos a puntuación da área sumando os valores de todos os estándares. Os resultados obtidos polo alumnado ao finalizar cada trimestre fixaranse cun IN (0-4), SF (5), BN (6), NT (7-8) e SB (9-10). Tamén se achegarán os resultados obtidos en cada competencia crave que serán avaliados nos termos de Insuficiente, Suficiente, Ben, Notable e Sobresaliente.

Criterios de promoción. O alumno/a deberá alcanzar como mínimo o 50% de cada un dos estándares da materia. Ademais deberá sumar en total un mínimo do 50% da porcentaxe da mesma.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para medir a adecuación do proceso de ensino e a práctica docente utilizaremos os seguintes indicadores e, así analizar os aspectos a mellorar:

1. Planificación do traballo docente

Como mestra	Si	Non
Realizo unha planificación das miñas clases.		
Consulto a normativa vixente para ter presentes os programas de cada área		
Consulto materiais para actualizar os contidos e novos enfoques de ensinanza.		
Realizo os axustes necesarios do currículo para atender á diversidade do alumnado.		
No plan de clase:	Si	Non
Establezo o que ensinar, os exercicios, actividades e tarefas a realizar e as formas de participación.		
A orde e os momentos nos que se levarán a cabo cada unha das “actividades”		

Os recursos a empregar.

Estratexias e momentos de avaliación das aprendizaxes (rexistros, probas, observacións, etc)

2. Aproveitamento do tempo e os recursos materiais para o desenvolvemento das clases:

Ao desenvolver as miñas clases utilizo: Si Non

O tempo nas actividades segundo o estimado ou planeado.

A meirande parte do tempo nunha ensinanza activa e participativa.

Exercicios e actividades variadas que reforcen ou amplíen os distintos ritmos de aprendizaxe.

Material informativo visual para favorecer a adquisición de coñecementos.

As TICs para reforzar e ampliar coñecementos.

3. Estratexias e actividades para promover aprendizaxes significativos:

Ao desenvolver as miñas clases: Si Non

Dou instrucións completas para que os alumnos realicen o traballo (materiais, recursos, forma de organizarse e tempo do que dispoñen)

Verifico que os alumnos comprendan o que teñen que facer.

Promovo traballos cooperativos.

Promovo o traballo colaborativo entre o alumnado para que interactúen e se axuden entre si.

Apoio individualmente, na medida do posible, ós alumnos con dificultades á hora de realizar as actividades pola súa conta.

Promovo que os meus alumnos realicen actividades nas que desenvolvan a creatividade e a orixinalidade.

Promovo cos meus alumnos participen por iniciativa propia.

Promovo que os meus alumnos expresen as súas ideas e opinión comparándoas

e respectando ás dos demais.

4. Estratexias e acción para avaliar ao alumnado:

Para avaliar ós meus alumnos/as:

Si Non

Emprego instrumentos variados de avaliación.

Emprego instrumentos variados de avaliación oral (entrevistas, escalas de observación directa e indirecta...)

Elaboro rexistros que me axuden a identificar os avances e progresos.

Promovo actividades de autoavaliación

Para asignar as calificacións dos meus alumnos segundo as porcentaxes establecidas:

Teño en conta os resultados das probas

Considero os rexistros dos exercicios

Considero os rexistros da participación oral.

Mido o grao de consecución das actividades.

5. Uso dos resultados da avaliación:

Utilizo os resultados da avaliación para:

S Non
i

Propoñer actividades de retroalimentación.

Identificar necesidades de apoio do alumnado.

Axustar o meu traballo docente na planificación das clases segundo os resultados obtidos en cada unidade.

Informar ó alumnado dos avances e progresos.

6. Clima da aula:

Como mestra:S Non
i

Trato a todos os meus alumnos/as equitativamente segundo as súas características sen ter favoritismos.

Animo e motivo ó alumnado para que traballen e participen en todas as actividades.

Promovo que se resolvan a tempo as situacións conflitivas que se presentan.

Manteño a calma ante situacións conflitivas.

Promovo que na clase exista un ambiente de compañeirismo e respecto entre o alumnado.

Preocúpome por coñecer os intereses gustos e necesidades do meu alumnado.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 3, fai referencia a atención a diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O Programa de Ciencias Naturais deberá adaptarse ademais ás condicións dos alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo. En función da necesidade os contidos desta área deberán modificarse, así como a súa avaliación, coordinando o traballo co Departamento de Orientación, o Equipo de Orientación Específico (no seu caso) e coa mestra de Pedagogía Terapéutica do centro. En calquera caso deberá reflectirse no currículo e realizar un seguimento do alumnado para asegurar a súa progresión. En caso de aqueles nenos e nenas que presenten dificultades de aprendizaxe levaranse a cabo unha serie de medidas organizativas e adaptacións metodolóxicas:

- Complementar a explicación da materia, sempre que sexa posible, con soporte

visual.

- Para facilitar a asimilación da materia, na plataforma EDIXGAL, traballamos con páxinas con actividades interactivas.
- Favorecer unha aprendizaxe significativa e vivencial (a través de materiais elaborados por el ou traballos de investigación).
- Proporcionar a materia traballada en formas de esquema.
- Proporcionarlle a máxima atención individualizada posible e animalo a preguntar cando teña algunha dúbida.
- Sempre que o pide ten explicacións adicionais.
- Os primeiros minutos de cada clase dedicámolos a facer un repaso oral da materia traballada en sesións anteriores.
- Se potencia a parte oral (repaso da materia e resolución de actividades) e visual (utilización da pantalla dixital e carteis explicativos)
- Comprobar sempre que entendeu os exercicios.
- Parte dos exercicios resólvense de forma oral.
- Dáselle máis tempo, se o necesita, para realizar as tarefas.
- Non copiará os enunciados (indica páxina e número do exercicio)

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Atendendo á orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de infantil, os colexios de educación primaria e os colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, as actividades complementarias, son aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Deberán figurar na Programación Xeral Anual do centro.

A participación do alumnado nelas é voluntaria e necesitamos a autorización dos pais ou titores legais por escrito sempre que se desenvolven fóra da localidade. No caso de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender aos alumnos que non participan nelas.

Partindo da idea de que o noso centro e máis especificamente a nosa área. debe perseguir a mellora da calidade do ensino, principalmente e entre outros aspectos, o centro

educativo debe ter a capacidade de prolongar a súa intervención educativa máis aló do horario estritamente lectivo, poñendo ó servizo do conxunto da comunidade escolar tódolos seus recursos, humanos e materiais.

12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didácticas. Para iso, ao rematar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual xeito, propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

INDICADORES	ESCALA DE VALORACIÓN				
	5	4	3	2	1
PROGRAMACIÓN					
As actividades seleccionadas son adecuados ás características do alumnado					
Os obxectivos didácticos programados en cada clase son alcanzables ou se axustan ás necesidades e intereses do alumnado.					
Os contidos se adecúan aos obxectivos didácticos seleccionados.					
O grao de complexidade dos contidos axústanse ás características psiconevolutivas.					
Os contidos secuenciados e temporalizados seguen unha organización					

de complexidade crecente.					
Os contidos cumpren o principio de globalidade e son integrais.					
As unidades formativas cumpren o principio de especificidade.					
As unidades didácticas réxense por unha temporalización lóxica.					
MEDIA					
METODOLOXÍA					
A metodoloxía empregada axústase ás necesidades e intereses do alumnado.					
É válida nosa metodoloxía para alcanzar os nosos obxectivos e contidos.					
A información inicial é suficiente. É clara e precisa.					
O coñecemento de resultados é explicativo e resolve os problemas de maneira efectiva.					
As estratexias son adecuadas para que o alumno asimile o que vai realizar.					
A motivación é adecuada para a execución das tarefas.					
Os reforzos que se dan son positivos máis que negativos.					
MEDIA					
ORGANIZACIÓN					
A posición da mestra é adecuada tanto na información inicial como no coñecemento de resultados.					
A organización de grupos facilita o desenvolvemento do proceso de Ensino - Aprendizaxe.					
A organización adáptase ás necesidades específicas dos recursos.					
As tarefas axústase ao desenvolvemento dos nosos contidos.					
Aproveitamento do tempo real de clase en tempo efectivo ou activo sobre o desactivo.					

O clima socioafectivo é adecuado entre mestre, alumno e grupo.					
A organización permite a individualización.					
MEDIA TOTAL					

ESCALA DE VALORACIÓN: 5 4 3 2 1 (5= excelente. 4= adecuado. 3= posiblemente. 2= en ocasións. 1= poucas veces.).